


Hélia Correia no III Encontro Cidade da Coruña

Mañá mércores, 5 de maio, ás 20.00, no Salón de actos da Real Academia Galega (Rúa Tabernas, 11) terá lugar a terceira conferencia do III Encontro Cidade da Coruña “Literatura e viaxe”, neste caso a cargo da autora portuguesa Hélia Correia, e con título “A poeira falante”. A presentación correrá a cargo de Carlos Quiroga, profesor da USC e Vogal da Aelg para a Lusofonía.



Organizado convxuntamente pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega** e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, o **III Encontro Cidade da Coruña**, baixo lema “**Literatura e viaxe**”, contou xa coa presenza do poeta arxentino **Juan Gelman**, e do escritor galego **Miguel Anxo Murado**, e acollerá próximamente a **Alberto Manguel** (11 de maio) e a **Xavier P. Docampo** (19 de maio).

Presentará a escritora portuguesa o escritor e profesor Carlos Quiroga, vogal da Asociación de Escritores en Lingua Galega para as relacións coa lusofonía. Hélia Correia manterá previamente un encontro cos medios de comunicación, o mesmo día, mércores 5 de maio, ás 12,00 horas, na libraría Nova Colón (Rúa Olmos 9, A Coruña).

Escritora portuguesa contemporánea (1949), licencióuse en Filoloxía Románica e é profesora de Portugués do Ensino Secundario. Apesar do seu gosto pola poesía, é como ficcionista que é recoñecida como unha das revelacións da novelística portuguesa da xeración de 1980, aínda que os seus contos, novelas ou romances estean sempre impregnados do discurso poético. Estreouse na poesía con *O Separar das Águas*, en 1981, e *O Número dos Vivos*, en 1982.

Revelou, desde cedo, o gosto polo teatro e pola Grécia clásica, o que a levou a escrever *Perdição*, levada á escea, en 1993, pola Comuna. Escreveu tamén *Florbela*, en 1991, que viría a ser estreada polo grupo Maizum. Cabe salientar na súa producción os romances *Casa Eterna* e *Soma* e, na poesía, *A Pequena Morte/Esse Eterno Conto*. Foi galardoada en 2002 co premio PEN 2001, atribuído a obras de ficción, pola súa obra *Lillias Fraser*.

Comments Off

« [Vigo: POÉTICAS PARA UNHA VIDA. ciclo de poesía oral, experimental e de acción](#)